# As costas do parque

1921 — 12 — 2021




Plano de estado xeral reformado do proxecto de remodelación das Costas do Parque




Plano da zona do miradoiro

**Remodelación das Costas do Parque**

Redactado en 1989, apróbase en 1993 o proxecto de remodelación das Costas do Parque que comprendía a zona entre o Paseo de Coches e Rolda dos Deportes. As obras foron recibidas provisionalmente en 1995 e definitivamente en 1997.

Os arquitectos partían do criterio xeral de que estaban ante un espazo verde con calidades urbanas e paisaxísticas suficientes para poder ser gozado, pero crían necesaria unha lixeira intervención e unha maior dotación de servizos sen cambiar o **carácter rústico-urbano** que tiña e que aportaba unha personalidade ben definida nesta zona.

O espazo verde, dividíase en tres partes (alta, central e baixa) que recibirían un tratamento con idénticos criterios estéticos para conservar a unidade do conxunto. Destacaba a necesidade de mellorar en canto a ordenación, **urbanización** e equipamento en **xogos infantís** e **mobiliario urbano**. Modificábase o **axardinamento** coa sementeira de novo céspede, transplante dalgunhas especies e plantación de novas árbores de baixo porte e arbustos.

Os mesmos arquitectos amplían o proxecto engadindo **reparacións** de danos causados polo abandono das obras e suxestións municipais como a formación dun pedestal para incorporar a aguia imperial bimilenaria.

Escanéame para leerme en castellano!

Concello de Lugo
ALCALDÍA
Medio Ambiente

LUGO cidade viva